

SERVIZO DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



EXPTE 6720/330

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS ARTÍSTICAS PARA O PROGRAMA MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS “VIGOCULTURA”, QUE NON FORMARON PARTE DO CATÁLOGO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS, PARA DETERMINADAS DATAS DO PERÍODO OUTUBRO-NOVEMBRO 2026

1.- XUSTIFICACIÓN

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Os municipios teñen a competencia da promoción da Cultura e dos equipamentos culturais, de conformidade co previsto nos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A Concellería de Cultura do Concello de Vigo ten encomendada a competencia de establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución de políticas públicas municipais en materia de Cultura, mediante a programación anual de actividades culturais diversas. Neste sentido, a citada área organiza e desenvolve dende hai anos a programación municipal de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal do Concello, consolidada como un referente cultural para o público.

A programación de artes escénicas que organiza a Concellería de Cultura enmárcase dentro da liña principal de programación coa que se conta no noso eido, a Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), xestionada pola AGADIC, e que establece datas de programación segundo os catálogos publicados, conforme aos espectáculos que están de xira en cada semestre no panorama. Así, a Agadic abriu o prazo de selección de propostas artísticas aos Concellos dentro dos seus catálogos de público familiar, público adulto (teatro e danza) e grupos musicais, do 4 ao 26 de xuño, ambos inclusive. O período de contratación abrangue do 11 de xullo ao 6 de decembro do 2026. Con data 26 de xuño, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu aprobar a proposta artística para a programación municipal de artes escénicas “Vigocultura” no Auditorio Municipal do Concello, seleccionada dentro do catálogo da Rede Galega de Teatros e Auditorios, para o período outubro-novembro de 2026.

Bases da convocatoria para presentación de propostas artísticas para o programa municipal de artes escénicas “Vigocultura” para determinadas datas do período outubro-novembro 2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/07/2026 11:34

Páxina 1 de 10

6720-330

CSV: AHBHB3-41DD4H-A58B8H-NTNZEZEF-EWX3MP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



Unha vez aprobada esa proposta, quedaron sen cubrir determinadas datas do programa polo que se considera necesario abrir unha convocatoria pública para que se poidan presentar propostas artísticas que non estiveron dispoñibles no catálogo da RGTA e que poden resultar de interese para completar a programación municipal, sobre todo propostas artísticas de fóra de Galicia.

Por este motivo, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu, con data 26 de xuño, realizar unha convocatoria pública para **PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS ARTÍSTICAS PARA O PROGRAMA MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS “VIGOCULTURA”, QUE NON FORMARON PARTE DO CATÁLOGO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS, PARA DETERMINADAS DATAS DO PERÍODO OUTUBRO-NOVEMBRO 2026**, indicando os prazos para a presentación de propostas, os criterios para a selección das mesmas e o procedemento que se seguirá para a súa selección

2.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto a selección de propostas artísticas para determinadas datas da programación municipal de artes escénicas “Vigocultura”, no período outubro-novembro de 2026, que non estiveron dispoñibles no catálogo da RGTA para o segundo semestre.

A participación efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3.- CARACTERÍSTICAS DOS ESPECTÁCULOS A PROGRAMAR

3.1.- Tipoloxía.

A convocatoria incluírá tres tipoloxías de espectáculos:

- Espectáculos de rúa: poderán ter formato de pasarrúas ou ben estáticos, dirixidos ao público xeral.
- Espectáculos de artes escénicas para público adulto. Inclúranse todo tipo de propostas escénicas como por exemplo teatro, drama, comedia, musical, monólogos ou danza.

Bases da convocatoria para presentación de propostas artísticas para o programa municipal de artes escénicas “Vigocultura” para determinadas datas do período outubro-novembro 2026



SERVIZO DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



- Espectáculos de artes escénicas para público familiar, preferentemente para idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Inclúiranse todo tipo de propostas escénicas como por exemplo teatro, comedia, musical, monicreques, danza ou circo.

3.2.- Lugar e datas de celebración

- Espectáculos de rúa: sábado 3 de outubro, ás 20:00 h (horario provisional), na contorna do MARCO, rúa do Príncipe e Porta do Sol.

En caso de formato pasarrúas, o percorrido sería dende a zona do MARCO á Porta do Sol, en ambos sentidos.

En caso de espectáculos de rúa estáticos, podería optarse pola zona dianteira do MARCO ou ben pola Porta do Sol.

Os espazos e percorridos indicados poderán sufrir modificacións por necesidades do Concello de Vigo.

- Espectáculos de artes escénicas para público adulto: desenvolveranse no Auditorio Municipal do Concello (Praza do Rei, 1), ás 20:00 h, nas seguintes datas:

- Sábado 17 de outubro
- Sábado 24 de outubro
- Venres 30 de outubro
- Sábado 31 de outubro
- Venres 13 de novembro
- Venres 20 de novembro
- Sábado 28 de novembro

- Espectáculos de artes escénicas para público familiar: desenvolveranse no Auditorio Municipal do Concello (Praza do Rei, 1), ás 18:00 h, nas seguintes datas:

- Domingo 18 de outubro
- Domingo 22 de novembro

O Concello de Vigo non está obrigado a programar en todas as datas indicadas, considerándose só unha previsión de máximos.

Bases da convocatoria para presentación de propostas artísticas para o programa municipal de artes escénicas "Vigocultura" para determinadas datas do período outubro-novembro 2026



Copia do documento - Concello de Vigo
6720-330

Data impresión: 01/07/2026 11:34

Páxina 3 de 10

CSV: AHBHB3-41DD4H-A58B8H-NTNZEZ-FWX3MP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



3.3.- Condicións técnicas e aforamento do Auditorio Municipal do Concello

O Auditorio Municipal do Concello conta coa dotación técnica que se pode consultar na seguinte ligazón (apartado “observacións”):

https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=205&lang=ga

O Auditorio Municipal do Concello non conta con persoal técnico de ningún tipo, como puideran ser técnicos de son e/ou luces; só dispón de tres postos de sala con funcións exclusivas de control de accesos e da utilización do equipamento escénico do recinto. Os espectáculos deberán adaptarse a estas condicións técnicas.

O aforamento máximo do auditorio é de 281 butacas e 4 espazos para persoas con mobilidade reducida en cadeira de rodas (PMR). A responsabilidade total da xestión da venda de entradas para os espectáculos programados corresponderalle exclusivamente ao Concello de Vigo (fixación de prezos, sistema de venda, recadación...).

4.- OBXECTIVOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

A proposta de resolución da convocatoria terá como obxectivos principais as seguintes liñas básicas establecidas pola Concellería de Cultura:

1. Formación de públicos, facendo especial incidencia no acceso do público xeral a todas as disciplinas das artes escénicas.
2. Captación de novos públicos: público adulto que nunca, ou moi poucas veces asistiu ao teatro, incluíndo programacións que, lonxe do máis estritamente comercial que terían noutros espazos, que ofrezan experiencias fáciles de seguir, atractivas, divertidas, dixeribles, que atrapan a novos espectadores e creen a necesidade de volver ao teatro.
3. Fidelidade de públicos: continuidade da programación que manteña aos espectadores xa consolidados en semestres anteriores.
4. Ofrecer experiencias novas ao público máis consolidado: introducir novas liñas artísticas máis contemporáneas sen chegar a disciplinas puramente alternativas que poderían despistar ou detraer público que aínda está en proceso de “enganche”.
5. Propor espectáculos de rúa e/ou pasarrúas que acheguen a creación artística ao público xeral en zonas de concorrencia habitual e que serva ademais como difusión da programación do Auditorio Municipal do Concello.

Bases da convocatoria para presentación de propostas artísticas para o programa municipal de artes escénicas “Vigocultura” para determinadas datas do período outubro-novembro 2026



SERVIZO DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



5.- COMISIÓN DE VALORACIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN DA PROGRAMACIÓN

5.1. Comisión de valoración

Unha vez rematado o prazo de presentación de propostas artísticas, serán analizadas por unha comisión de valoración formada por:

- Concelleiro-delegado de Cultura.
- Persoal técnico da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade

5.2. Criterios de selección

Os criterios que se valorarán en cada caso, exclusivamente en base á información achegada na proposta, serán os seguintes:

- Calidade artística da proposta e adaptación ás liñas xerais da programación indicadas anteriormente, especialmente en base ao seu contido e características, tipoloxía e singularidade de espectáculo, tipoloxía do público destinatario, posibles premios e/ou mencións recibidos dende xaneiro de 2023, participación en festivais e/ou certames nacionais e internacionais.

- Valorarase o feito de non ter actuado co espectáculo proposto na cidade de Vigo nos últimos tres anos.

- **Non se valorarán propostas artísticas que formaron parte do catálogo da RGTA para o segundo semestre de 2026.**

- Duración do espectáculo: establécense a nivel xeral os seguintes límites:

* Espectáculos de rúa: mínimo de 50 minutos e máximo de 90 minutos.

* Espectáculos de artes escénicas para público adulto: mínimo de 50 minutos e máximo de 100 minutos.

* Espectáculos de artes escénicas para público familiar: mínimo de 45 minutos e máximo de 80 minutos.

- Adaptación á estrutura do programa en canto ás datas dispoñibles e ofertadas.

- Adaptación da proposta ás condicións técnicas e características do Auditorio Municipal do Concello e valoración das posibles necesidades técnicas a maiores a asumir polo Concello de Vigo que puidera precisar o espectáculo.

Bases da convocatoria para presentación de propostas artísticas para o programa municipal de artes escénicas "Vigocultura" para determinadas datas do período outubro-novembro 2026



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/07/2026 11:34

Páxina 5 de 10

6720-330

CSV: AHBHB3-41DD4H-A58B8H-NTNZEZ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



- Adaptación ao orzamento xeral da programación; neste sentido, ningunha proposta poderá ter un custo superior aos 14.950 € máis IVE, con todos os conceptos e impostos incluídos.

- Tan só se valorarán propostas artísticas profesionais.

- Poderanse seleccionar varias propostas artísticas dun mesmo contratista.

6.- CONDICIÓNS DO CONTRATISTA

O Concello de Vigo contratará os espectáculos mediante un expediente de contratación de servizos (artigo 17 da LCSP) e realizarase a través dun contrato de gasto menor, toda vez que o importe non superará os 15.000 € (artigo 118 da LCSP). Este contrato pode cualificarse como contrato privado de conformidade co previsto no artigo 26.1.

O contratista que oferte o espectáculo que sexa seleccionado deberá cumprir as seguintes condicións mediante sinatura, no seu momento, dunha declaración responsable nos seguintes termos:

- *Que acepta as condicións do contrato.*
- *Que ostenta a capacidade de representación da entidade de referencia.*
- *Que ten capacidade de obrar e contratar e conta coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.*
- *Que non está incurso en prohibicións para contratar coa Administración.*
- *Que cumpre coas obrigas establecidas nas disposicións vixentes en materia de protección do emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.*
- *Que manterá absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato ou información á que poida ter acceso con ocasión do cumprimento das obrigacións derivadas do contrato, polo que cumprirá, en todo caso, o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.*
- *Que se compromete a cumprir os seguintes principios éticos e de conduta:*

1. Cumprir cos principios éticos, e no seu caso, co código deontolóxico, da súa profesión ou oficio.

Bases da convocatoria para presentación de propostas artísticas para o programa municipal de artes escénicas "Vigocultura" para determinadas datas do período outubro-novembro 2026



Copia do documento - Concello de Vigo
6720-330

Data impresión: 01/07/2026 11:34

Páxina 6 de 10

CSV: AHBHB3-41DD4H-A58B8H-NTNZEFE-EWX3MP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



2. Deberán ter unha conduta eticamente exemplar, absténdose de fomentar, propoñer ou promover calquera práctica eticamente reprobable. De ter coñecemento de prácticas deste tipo deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
3. Comprometeranse a que a súa participación no procedemento sexa competitiva, e absteranse de realizar prácticas colutorias que impidan a libre competencia concertándose para iso con outros licitadores. De ter coñecemento de prácticas deste tipo, deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación.
4. Comunicarán inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses que lles afecten, ou que poidan afectar a outros licitadores.
5. Denunciar ante o órgano de contratación as situacións irregulares que se produzan nos procesos de licitación e execución dos contratos
6. Non solicitarán, nin directa nin indirectamente, aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato.
7. Non ofrecerán nin directa nin indirectamente aos cargos ou empregados públicos do Concello que inflúan na licitación, adxudicación ou execución do contrato, vantaxes ou beneficios persoais ou materiais.
8. O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

7.- FORMA DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS E PRAZO

As propostas deberán presentarse exclusivamente a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>), indicando no asunto se corresponden a: “Espectáculos de rúa”, “Espectáculos de artes escénicas para público adulto” ou “Espectáculos de artes escénicas para público familiar”.

O prazo será de 15 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no perfil do contratante. Non se aceptarán propostas recibidas fóra deste prazo.

A proposta presentarse mediante documento único no que se incluírán, cando menos e de forma obrigatoria, os seguintes datos:

Bases da convocatoria para presentación de propostas artísticas para o programa municipal de artes escénicas “Vigocultura” para determinadas datas do período outubro-novembro 2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:34	Páxina 7 de 10
6720-330	CSV: AHBHB3-41DD4H-A58B8H-NTNZEFE-EWX3MP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



- Denominación da compañía ou artista e do espectáculo. Elenco artístico, autoría, dirección e outros datos de interese.
- Datos de contacto: persoa, enderezo electrónico, teléfono/s.
- Datos do representante legal no caso de contratación: denominación fiscal, CIF/NIF, enderezo social, enderezo electrónico, teléfono/s.
- **Declaración de que a obra non formou parte do catálogo da RGTA para o segundo semestre de 2026.**
- Breve descrición do espectáculo: sinopse, disciplina artística, obxectivos, duración...
- Tipoloxía de público ao que vai dirixido.
- Posibles premios e/ou mencións do espectáculo dende xaneiro de 2023, participación en festivais ou certames nacionais e internacionais.
- Relación de actuacións realizadas coa obra proposta en 2025 e 2026.
- Necesidades técnicas a asumir polo Concello de Vigo a maiores da dotación técnica do auditorio (son, luces, persoal técnico...), de selo caso.
- Orzamento do espectáculo: base impositiva, IVE a imputar, posible IRPF, importe total.
- Data/s dispoñible/s dentro das datas ofertadas no presente documento.
- Posibles representacións anteriores do espectáculo na cidade de Vigo: no seu caso, indicar datas e localizacións.
- Enlaces para visualización de *teasers* e/ou vídeos completos do espectáculo.

8.- RESOLUCIÓN DA PROGRAMACIÓN

O Concello de Vigo publicará no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, a proposta de programación e a correspondente resolución aprobatoria do concelleiro-delegado de Cultura e da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de presentación de propostas.

A continuación, o Concello de Vigo iniciará os expedientes de contratación cos espectáculos aprobados polo procedemento indicado.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento polo Concello de Vigo, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude, comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

Bases da convocatoria para presentación de propostas artísticas para o programa municipal de artes escénicas "Vigocultura" para determinadas datas do período outubro-novembro 2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2026 11:34	Páxina 8 de 10
6720-330	CSV: AHBHB3-41DD4H-A58B8H-NTNZEZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

10. ACEPTACIÓN DAS BASES E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A participación na convocatoria implica a aceptación íntegra destas bases.

A concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade queda facultada para resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, elévase á concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade a seguinte

PROPOSTA.-

1.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria pública para a **PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS ARTÍSTICAS PARA O PROGRAMA MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS "VIGOCULTURA", QUE NON FORMARON PARTE DO CATÁLOGO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS, PARA DETERMINADAS DATAS DO PERÍODO OUTUBRO-NOVEMBRO 2026.**

2.- Publicar a convocatoria no perfil do contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e na páxina web municipal.

3.- Abrir o prazo de presentación de propostas unha vez publicada a convocatoria segundo os prazos estipulados nas bases.

Vigo, data da sinatura dixital

O xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural

Jesús López Moure

Conforme

O concelleiro-delegado de Cultura (res. do 25.09.2025 BOP núm. 186 do 30.09.2025)

Gorka Gómez Díaz

Bases da convocatoria para presentación de propostas artísticas para o programa municipal de artes escénicas "Vigocultura" para determinadas datas do período outubro-novembro 2026



SERVIZO DE CULTURA

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



RESOLUCIÓN

Á vista do informe-proposta do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, e no exercicio da competencia que me atribúe o artigo 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local en virtude do Decreto de delegación da Alcaldía do 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño do 2024; do acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de xuño de 2024, polo que se delegan competencias nos concelleiros de área de goberno e concelleiros delegados,

RESOLVO de conformidade coa proposta que antecede

Vigo, na data da sinatura dixital

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (res. do 25.09.2025 BOP núm. 186 do 30.09.2025)

PD (resolución de 29.06.26) O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes

Francisco Javier Pardo Espiñeira

Dou fe, A Secretaria

Bases da convocatoria para presentación de propostas artísticas para o programa municipal de artes escénicas "Vigocultura" para determinadas datas do período outubro-novembro 2026



Copia do documento - Concello de Vigo
6720-330

Data impresión: 01/07/2026 11:34

Páxina 10 de 10

CSV: AHBHB3-41DD4H-A58B8H-NTNZEZ-EMX3MP-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>